

CONTIDOS MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA DE CULTURA

CLÁSICA:

Váiselles entregar aos alumnos, ao principio do curso, unha especie de esquema ou folla-resumo cos contidos mínimos e os criterios básicos de promoción e calificación.

Para superar a asignatura, os alumnos deben:

- Expresarse de modo aceptable, tanto oralmente como por escrito: valoramos negativamente o exceso de faltas de ortografía e de redacción.
- Coñecer os principais cambios fonéticos do latín ao galego/castelán, e saber relacionar palabras latinas coñecidas con derivados (cultos e patrimoniais) na/s súa/s lingua/s.
- Coñecer raíces gregas de gran rendemento etimolóxico, e recoñecer e comprender helenismos.
- Recoñecer un vocabulario latino e grego básico, sobre todo grazas aos seus derivados galegos/casteláns e ao uso dos prefixos e sufixos máis frecuentes.
- Contestar de xeito coherente e razoado preguntas sinxelas acerca dos principais aspectos lingüístico-culturais traballados.
- Redactar ou expoñer ocasionalmente pequenos ensaios ou traballos sobre algúns deses aspectos (transmisión, pervivencia e influencia do clásico; xéneros literarios grecolatinos; pervivencia da mitoloxía e da literatura clásicas; helenismos e latinismos; etc.).
- Traducir frases latinas sinxelas, aplicando os coñecementos morfosintácticos básicos adquiridos.
- Ter unha idea xeral, que englobe todos estes contidos, acerca da importancia, pervivencia e influencia da cultura e das linguas clásicas na actualidade

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A adopción de unha concepción globalizadora dos procesos de ensinanza-aprendizaxe lévanos a profundizar no campo da avaliación cualitativa. As técnicas fundamentais das que nos imos a servir son as seguintes:

1. **Actitude en clase e nas actividades programadas fóra da aula** a nivel individual e en grupo.
2. A observación directa e sistemática do traballo por medio do seguimento e valoración das **actividades individuais** que serán avaliadas segundo criterios de avaliación da materia (poderá ser ata un 10% da nota).
3. Desenvolveranse dúas **probos escritas trimestrais** obxectivas (unha se os prazos non o permiten) que valoren os coñecementos propostos nas unidades realizadas no trimestre e que o departamento preparará atendendo ás necesidades específicas dos alumnos.

Para os coñecementos científicos e técnicos que deben adquirir na primeira parte de cada trimestre:

- Observación diaria.
- Debates, intervencións orais.
- Probas mediante o uso do ordenador.
- Probas escritas, tipo test, de pregunta corta, de pregunta larga, mapas conceptuais, etc.
- Autoavaliación dos alumnos.

Para valorar o traballo de investigación que normalmente se realizará na segunda parte do trimestre:

- Bosquexo.
- Soporte escrito que corresponda ao traballo de investigación rematado.
- Memoria escrita.
- Comunicación dos resultados: exposición oral, elaboración de presentacións, vídeos, etc.
- Traballo en equipo.

- Respecto das normas.
- Autoavaliación dos alumnos.
- Valoración do traballo do alumno ou alumna por parte dos seus compañeiros.

As probas escritas en cada avaliación contarán un noventa por cento da nota e os traballos individuais e grupais constituirán o dez por cento restante. A materia corresponderá ós temas da programación e basicamente será:

- A primeira avaliación será sobre o mundo grego.
- A segunda avaliación será sobre o mundo romano.
- A terceira avaliación será sobre aspectos culturais comúns e diferentes no mundo grecolatino.

Cada avaliación non superada terá unha recuperación para acadar o aprobado e conseguir os coñecementos mínimos. A nota final será a media obtida entre todos os períodos de avaliación sempre e cando estes superen o catro. Ao final haberá unha proba final como último recurso para obter o aprobado; dita proba constará dos contidos mínimos de todo o curso, ao igual que a nota de setembro.

No caso de constatare que un alumno ou alumna fixo un exame fraudulento a nota obtida será de un punto xa que a nota de cero non é avaliable.

O resultado obtido deberá superar a nota de 5 (suficiente)